

Co obxecto de que as persoas que reunindo os requisitos de titulación para o acceso á función docente poidan participar en actividades de formación permanente do profesorado homologadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta Consellería (DXOIE) e as organización sindicais representativas do sector, adoptan os seguintes acordos:

1. Nas actividades de formación permanente do profesorado homologadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá participar un 30% de persoas que, estando en posesión do título de licenciatura, de diplomatura ou equivalentes, non estean a impartir docencia en centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación.
2. As entidades organizadoras deberán entregar unha acta na que figuren as persoas asistentes, tanto as que están en activo como aquelas ás que se refire o apartado anterior.
3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria selará todas as certificacións emitidas polas entidades organizadoras a aquelas persoas ás que se refire o apartado primeiro deste acordo. O selado aplicaráse a todas as actividades iniciadas a partir do día 1 de xaneiro de 2008.
4. A participación nestas actividades será computable nos procesos selectivos de acceso á función docente convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
5. Unha vez emitida a resolución de homologación condicionada dunha actividade, non poderá solicitarse o incremento do número de prazas ofertadas.